

**percorrendo a felicidade**

**XOVES 25 XANEIRO 2024**

Auditorio de Galicia, 20:30 h

**REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA**

**Rita Castro Blanco**, directora

**CONVERSANDO CON...**

Rita Castro Blanco  
Sala Mozart, 19.45 h

fiando historias

**MIGRACIONES**

## PROGRAMA

I

### **WOLFGANG AMADEUS MOZART (1756-1791)**

Abertura de "As vodas de Fígaro", KV. 492

### **ARTHUR HONEGGER (1892-1955)**

Pastorale d'été, H.31

### **BOHUSLAV MARTINŮ (1890-1959)**

Toccata e due canzoni, H. 311

*Toccata: Allegro moderato*

*Canzone No.1: Andante moderato*

*Canzone No.2: Allegro (poco); Adagio*

II

### **WOLFGANG AMADEUS MOZART (1756-1791)**

Sinfonía núm. 38 "Praga", KV. 504

*Adagio - Allegro*

*Andante*

*Presto*

---

Duración aproximada do concerto: 85 minutos (con pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

# REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde 2023, o seu director titular e artístico; Sebastian Zinca o seu director asistente e Joana Carneiro a principal directora convidada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

## DIRECTORA

Rita Castro Blanco

## VIOLÍNS I

James Dahlgren  
(concertino)  
Adriana Winkler  
(axuda de concertino)  
Anca Smeu  
Daniel Kordubaylo  
Yulia Petrushevskaya  
Michal Ryczel  
Victoria Jurov  
Ilya Fisher  
Anna Alexandrova  
Joel Doraci \*\*\*

## VIOLÍNS II

Grigori Nedobora \*  
Nikolay Velikov \*\*  
Samira Ajkic  
Helena Sengelow  
Kiyoko Ohashi  
Enrique Roca  
Elina Viksne  
Ildiko Oltai  
Teresa Barcelona \*\*\*

## VIOLAS

Natalia Madison \*  
Ionela Ciobotaru \*\*  
Ignacio Marino  
Iriana Fernández  
Timur Sadykov  
Anne Schlossmacher  
Oxana Bakulina  
Josep Ruiz \*\*\*

## VIOLONCELLOS

Plamen Velev \*  
Barbara Switalska \*\*  
Thomas Piel  
Manuel Lorenzo  
Álvaro Peregrina  
Carlos García  
Emilio Ubach \*\*\*

## CONTRABAIXOS

Carlos Méndez \*  
Alfonso Morán \*\*  
Amador Del Pozo

## FRAUTAS

Laurent Blaiteau \*  
Luis Soto \*\*

## ÓBOES

Christina Dominik \*  
Esther Viúdez \*\*

## CLARINETES

Vicente López \*  
Bernardino Assunção  
(R)

## FAGOTES

Manuel Veiga \*  
Juan Carlos Otero \*

## TROMPAS

Jordi Ortega \*  
Xavier Ramón \*\*

## TROMPETAS

Javier Simó \*  
Ramón Llátser \*\*

## TIMBAL/PERCUSIÓN

José Vicente Faus

## PIANO

Javier López Jorge (R)

\*principal | \*\*coprincipal | \*\*\*EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

## BIOGRAFÍAS

### Rita Castro Blanco

#### Directora

Rita Castro Blanco é unha das máis prometedoras directoras portuguesas. Traballou coa Orquestra Gulbenkian, Orquestra Sinfónica Portuguesa, Orquestra Metropolitana de Lisboa, Orquestra das Beiras, Orquestra do Norte e Orquestra Clásica de Espinho, entre outras. Desenvolveu a súa carreira maioritariamente en Portugal e Reino Unido. De setembro de 2019 a xaneiro de 2022 exerceu como Directora Titular da Huddersfield Philharmonic Orchestra e na temporada de 2023/24, foi Directora Asistente da City of Birmingham Symphony Orchestra.

Rita Castro Blanco vén de desenvolver a súa experiencia e interese tanto na ópera como nos xéneros musicais contemporáneos, o que culminou coa súa participación na Conducting Fellowship do Festival de Tanglewood en 2022, no programa Mentorship for Woman Conductors do Festival d'Aix-en-Provence e tamén na Conducting Fellowship do Festival de Lucerne, ambos en 2021. No verán de 2020 dirixiu a “Maratona Ópera

XXI” inserida no Operafest Lisboa, onde estreou 7 óperas portuguesas orixinais nos Jardins do Museu Nacional de Arte Antiga.

Ademais das numerosas estreas, a directora colaborou profesionalmente como asistente para varios proxectos operativos como *Così fan tutte* de W.A. Mozart coa Orquestra Gulbenkian e Nuno Coello, *Misa* de L. Bernstein coa Orquestra Gulbenkian e Clark Rundell, *Suor Angelica* e *Gianni Schicchi* de G. Puccini coa orquestra operática do Royal Northern College of Music (RNCM) e Martin André. E tamén na estrea de Beaumarchais, unha comisión conxunta da Fundação Calouste Gulbenkian e do Teatro Nacional D. Maria II, coa Orquestra Gulbenkian e Pedro Amaral.

Iniciou os seus estudos musicais no Conservatorio de Música Metropolitano de Lisboa, continuou na Academia Nacional Superior de Orquestra, onde obtivo a Licenciatura en Dirección de Música na clase de Jean-Marc Burfin. En 2019 finaliza o Máster de Música en Performance da Royal Northern College of Music, na clase de Clark Rundell e Mark Heron.

Durante os estudos no RNCM, colaborou como directora asistente nas orquestras da BBC Philharmonic, Royal Liverpool Philharmonic Orchestra, Manchester Camerata e Hallé con diferentes directores, agrupacións musicais e repertorios. Tivo o privilexio de participar en clases maxistras de renome con grandes mestres e docentes internacionais. Destacando Sir Mark Elder, Andris Nelsons, JoAnn Falletta, Johannes Schlaefli, Mark Stringer, Thomas Hengelbrock, Mark Shanahan, Jessica Cottis e as orquestras da BBC Philharmonic, CBSO, Stavanger Symphony Orchestra, Balthasar Neumann Ensemble, Royal Opera House e London Sinfonietta.

Nos seus últimos traballos inclúense concertos coa Orquestra Metropolitana de Lisboa, Lucerne Festival Contemporary Orchestra (premio Roche Young Comission), e estreas coa Orquestra Sinfónica de Navarra, Real Filharmonía de Galicia e Orquestra do Algarve.

## NOTAS AO PROGRAMA

*Percorrendo a felicidade* é o título do concerto da Real Filharmonía desta noite no que, a través de distintos xéneros (abertura, poema sinfónico, tocata, *canzona*, sinfonía), viaxaremos dende o clasicismo de Mozart ata a visión nostálgica e idealizada do pasado que supón o neoclasicismo desenvolvido no s. XX con dos autores coetáneos Martinů e Honneger.

A primeira obra que escoitaremos é a Abertura de *As vodas de Fígaro*, KV.492 de Wolfgang Amadeus Mozart (1756-1791). Esta ópera do xenio austríaco estreouse no Burgtheater de Viena o 1 de maio de 1786 con Mozart dirixindo dende o teclado. Aínda que a día de hoxe é unha das óperas máis representadas a nivel mundial, nesta primeira presentación non obtivo un grande éxito. Trátase dunha ópera bufa, é dicir, de carácter cómico, que aborda as intrigas amorosas entre nobres e plebeos e que marca o inicio da colaboración entre Mozart e o libretista Lorenzo da Ponte co que tamén faría *Don Giovanni* e *Così fan tutte*. A inspiración do libreto foi *Le mariage de Figaro* do escritor Beaumarchais, obra que forma parte dunha triloxía na que tamén se basea

*O barbeiro de Sevilla* de Gioacchino Rossini. A abertura é o fragmento co que se inicia a ópera e está destinada unicamente á orquestra, sen intervención das voces. Inicialmente, servía de aviso ou toque de atención para facer saber ao público que o espectáculo ía comezar, pero non gardaba relación co que logo se escoitaba. Pouco a pouco iso foi cambiando ata establecerse unha estreita relación, incluso anticipando algunhas melodías que logo soarían. No caso que nos ocupa, introdúcenos no clima desenfadado e fresco da ópera. Escrita en Re M e cunha indicación de tempo *presto*, presenta unha estrutura de forma sonata (exposición - desenvolvemento - recapitulación), sen a sección central, a do desenvolvemento, algo moi típico das aberturas de ópera clásicas. Na exposición escoitamos o primeiro tema nas cordas e o fagot, unha especie de murmurio en *pianíssimo* de carácter sinuoso e logo un segundo tema que se divide en dúas partes. Tras isto, unha transición dá paso directamente á recapitulación, cos mesmos temas que xa se escoitaron. Unha coda (sección final dunha obra) pecha a abertura.

A continuación, *Pastorale d'été H.31* de Arthur Honegger (1892-1955), violinista e compositor de nacionalidade suíza que medrou e se formou en Francia. Foi un dos compoñentes do chamado grupo Les Six (Os Seis), asociado ao neoclasicismo francés, e que, inspirados por Satie e Cocteau, buscaron unha música sinxela que todo o mundo puidese comprender, inspirándose en elementos novos que introduciron na música clásica como o jazz, o deporte, o mundo do circo, os cabarets... Tamén formaron parte desta asociación Georges Auric, Germaine Tailleferre, Darius Milhaud, Francisc Poulenc e Louis Durey. Honegger sentíase un artesán e un músico popular e escapaba da elite académica sinalando que “a música debe ser directa, sinxela, de gran ritmo; o pobo rise da técnica e o refinamento”. *Pastorale d'été* é un poema sinfónico, xénero que xorde durante o romanticismo dentro da chamada música programática, é dicir, aquela que ten algún tipo de referente extramusical máis ou menos explícito. Neste caso é unha especie de retrato ou pintura musical que pretende inmortalizar un amencer nun pobo dos Alpes suízos e foi escrito durante unhas

vacacións que o compositor pasou no ano 1920 nesta zona xeográfica. A obra está dedicada a Alexis-Roland-Manuel, compositor, crítico e profesor de estética do Conservatorio de París e estreouse en febreiro de 1921 na Salle Gaveau parisina baixo a batuta do director Vladimir Goldschman. No inicio aparece un pequeno verso á maneira de epigrama de Arthur Rimbaud (1854-1891), escritor simbolista francés que di: “J’ai embrassé l’aube d’été” (“Eu abracei o amencer do verán”). Escrita para unha orquestra pequena, conformada por corda, unha trompa e madeiras a 1, a obra caracterízase por unha gran sinxeleza e claridade formal propia do neoclasicismo que se desenvolveu no s. XX. Divídese en 3 partes ben definidas: A (*Tranquilo*) - B (*Vivo e alegre*) e A (*Tranquilo*). A sección “A” transmítenos unha gran serenidade, transportándonos inmediatamente á visión dun despertar nos Alpes observando as montañas dende unha xanela. Sobre un acompañamento de corda que actúa como fondo aparece o tema principal na trompa, unha melodía sinxela e tranquila. Logo, escoitaremos unha pequena variación deste primeiro tema no óboe

## NOTAS AO PROGRAMA

acompañado de breves intervencións de frauta e clarinete imitando o cantar dos paxaros cedo pola mañá. Despois dunha transición, novamente o tema, agora nos primeiros violíns en imitación coa trompa e logo co óboe. A parte central da obra, a sección B, desprende unha gran vitalidade e colorismo. Pouco a pouco vanse sucedendo motivos de carácter pastoral en distintos solos dos instrumentos de vento madeira (clarinete, fagot, frauta, óboe) e achegas da corda de gran dinamismo rítmico. Na parte final da obra volve a sección A coa súa calma característica. Escoitamos o tema principal agora no fagot que logo dá paso á trompa, á viola, de novo á trompa e despois á frauta. Mentres, superpóñense algúns dos motivos que se escoitaron na sección central.

Bohuslav Martinů (1890-1959) é xunto a Dvořák, Janáček e Smetana un dos grandes compositores checos de todos os tempos. Naceu en Policka (Bohemia) e tivo moita influencia francesa, xa que viviu longas temporadas en París e posteriormente en EUA, Suíza, Niza e Roma. Coetáneo de Honneger, foi tamén violinista e moi prolífico como compositor en canto a número e xéneros aos que

prestou atención. As súas principais influencias foron o folclore checo, Debussy e o impresionismo francés, o madrigal renacentista inglés e o concerto *grosso* barroco. *Tocatta e due canzoni H.311* é unha obra para orquestra de cámara que data de 1946 e foi estreada en Basilea (Suíza) o 21 de xaneiro de 1947 baixo a batuta do director Paul Sacher, quen encargou a obra ao compositor ao igual que o seu *Dobre Concerto* e o *Concerto de Cámara para violín*. Consta de tres movementos: *Tocatta (Allegro moderato)*; *Canzona I (Andante Moderato)* e *Canzona II (Allegro)* e todos eles fan referencia a xéneros renacentistas, nunha clara mirada ao pasado típica do neoclasicismo. A vitalidade rítmica do primeiro movemento recórdanos a súa orixe como xénero ligado aos instrumentos de teclado que acostumaba a ser de carácter improvisatorio. O segundo caracterízase por un gran lirismo e destaca a oposición entre o piano e a orquestra e no terceiro predomina a tensión dramática.

A última obra do programa, a *Sinfonía número 38 "Praga" K.504* presenta unha estreita vinculación coa abertura coa que daba inicio o concerto: foron



compostas no mesmo ano, 1786 –cando Mozart tiña 30 anos–, están na mesma tonalidade (Re M) e o primeiro tema do terceiro movemento está extraído dun dúo desa ópera. Ademais, aínda que foi composta en Viena, a sinfonía estreouse en Praga o 19 de xaneiro de 1787, cidade na que se atopaba o compositor precisamente para dirixir *As vodas de Fígaro* que estaba moi “de moda” naquel momento. Algúns autores falan incluso dunha auténtica “Figaromanía” e era habitual escoitalles algúns dos temas máis coñecidos da ópera ás bandas que tocaban polas rúas e tamén nos salóns burgueses de Praga. Mozart estaba atravesando unha temporada feliz e cargada de éxitos e chegou á cidade acompañado da súa muller Constanze e dun pequeno séquito. A *Sinfonía 38* é unha das últimas dentro deste xénero (compuxo 41) e destaca o feito de que teña só tres movementos, algo que non era habitual naquel momento cando xa estaba asentado o formato en catro partes.

O primeiro, *Adagio-Allegro*, empeza cunha introdución lenta (a máis longa que escribiu) que para moitos analistas supón un compendio de xiros

musicais ou tópicos do compositor: o chamado *maestoso* (propio da abertura francesa da época de Luis XIV en Versalles e que escoitamos ao inicio nas notas longas seguidas de figuracións rápidas), o *Empfindsamkeit* ou *sentimental* (nos cromatismos), o *cantante* (en momentos que recordan a arias femininas de ópera), *fanfarra* (en breves intervencións dos ventos) e *ombra* (referido a unha escena sobrenatural dunha ópera que se caracteriza por ser lenta, forte, en modo menor, como os pasos dunha procesión sinistra, e que aparece cara ao final da introdución). O *Allegro* presenta unha estrutura en forma sonata con Exposición (tema A, optimista e vitalista, e B, lírico, que recorda a unha aria de ópera)-Desenvolvemento (dramático) e Recapitulación (de novo A-B) mais un final grandioso e festivo. O segundo, *Andante*, conéctanos coa obra de Honneger, polo seu carácter pastoral refinado. A súa estrutura tamén responde a unha forma sonata, nada habitual nos segundos movementos das sinfonías, e expón unha narrativa similar á trama dun conto popular: a exposición contén dous temas pastorais e remata nunha especie de

## NOTAS AO PROGRAMA

valse dentro dun ambiente idílico e amable; no desenvolvemento aparece o drama da historia e dilúese o clima bucólico; coa chegada da recapitulación retomamos o clima pastoril inicial e resólvese o conflito, volvendo a escoitar os dous temas xa expostos. O terceiro movemento, *Presto*, supón unha clara homenaxe a *As Vodas de Fígaro*, xa que o seu tema principal está extraído do segundo acto, concretamente do dúo entre Susanna e Cherubino *Aprite, presto, aprite*. Novamente, atopamos o mesmo tipo de estrutura que nos movementos precedentes (Exposición-Desenvolvemento-Recapitulación). Aínda que como é habitual escóitanse dous temas A (o da ópera) e B, o predominio do primeiro é claro, aparecendo de maneira recorrente en distintos momentos.

É evidente que as obras propostas, todas elas cargadas de frescura e ledicia, son fieis ao título xeral do concerto, propiciando nas persoas oíntes un agradable percorrido pola felicidade.

**CARME TUBÍO BARREIRA**



---

## AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións, s/n  
15705 Santiago de Compostela

## DESPACHO DE BILLETES

AUDITORIO 981 571 026 | 981 573 979

ZONA C 981 542 462

## OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

---

[rfgalicia.org](http://rfgalicia.org)

[compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal)

---

## INSTAGRAM

@realfilharmoniadegalicia

@compostelacultura

## FACEBOOK

RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura

## TWITTER

@rfgalicia

@CCultura

---

# PRÓXIMO CONCERTO

## mestres das cortes reais

### XOVES 8 FEBREIRO

Auditorio de Galicia, 20:30 h

### CONVERSANDO CON...

Enrico Onofri

Sala Mozart, 19:45 h

### Enrico Onofri, director

- Domenico Scarlatti: Sinfonía en Do Maior para cordas e baixo continuo
- Pietro Giorgio Avondano: Sinfonía en Re Maior para cordas e baixo continuo
- Gaetano Brunetti: Sinfonía núm. 22 en sol menor para 2 óboes, fagot, 2 trompas e cordas
- Luigi Boccherini: "Musica Notturna nelle strade di Madrid" núm. 6, op. 30
- Luigi Boccherini: Sinfonía núm. 4 en re bemol menor, op. 21 "La casa del diavolo"